1. As funcións sociais da lingua.

Os individuos viven en sociedade, motivo polo que se ven na necesidade de comunicarse. Esa comunicación faise por medio dunha lingua. Por iso se di que a lingua ten unha función social.

2. Conflito e diglosia

Dúas linguas nun mesmo territorio tenderán sempre a especializar o seu uso. Isto leva a unha situación de desigualdade que provoca un conflito. Esta situación de desigualdade denomínase "diglosia".

3. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos

Nunha situación de diglosia sucede, ás veces, que os falantes consideran que a lingua propia non ten a categoría ou importancia da outra lingua, é dicir, a xente ten prexuízos e crea estereotipos.

4. Historia da normativización

O galego perdera o primeiro gran momento de normativizarse; o Renacemento. É por isto que o proceso normativizador se inicia en Galicia no Rexurdimento, finais do século XIX. O século XX, vive plenamente o proceso, interrompido por certos acontecementos (ditadura de Primo de Rivera, Guerra Civil, franquismo). Con todo cara os anos sesenta e setenta retómase o proceso en dúas vertentes que, pouco a pouco, se van radicalizando (reintegracionismo vs. Nacionalismo). O proceso remata nos anos oitenta, recuperada a democracia (*Normas Ortográficas e Morfolóxicas o Idioma Galego*).

5. Interferencias e desviacións da norma:

5.1. Interferencias lingüísticas.

As interferencias son típicas da fala, pero poden tamén incrustarse na escrita, se non sabemos ou se non podemos depuralas ben. As interferencias poden producirse en calquera dos niveis lingüísticos (fónico-fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e léxico).

5.2. Desviacións da norma.

Diante desta realidade o falante reacciona intentando protexer o seu propio idioma, polo que pasa ao lado contrario e provoca a aparición de desviacións da norma semellantes aos castelanismos dos que agora falamos. Esas desviacións da norma son os lusismos, os arcaísmos, os dialectalismos, os vulgarismos, e os hiperenxebrismos (pseudogaleguismos e pseudoevolucións).

6. Linguas minorizadas e linguas minoritarias.

Lingua minorizada é a que ten menos categoría social e lingua minoritaria é a que ten menos falantes.

7. O galego: lingua en vías de normalización

A minorización histórica da lingua galega persiste na actualidade, consecuencia do tradicional empeño das instancias de poder en substituír ese idioma polo castelán.

O problema é un problema de concienciación e non se resolverá ata que os galegos, todos e cada un, tomen conciencia de que o seu idioma é tan válido como o castelán para todo.